

# PROPOSTA DE ORDENANZA REGULADORA DOS ASPECTOS RELATIVOS Á XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CARBALLO

## CONTIDO

<b>CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>5</b>
<b>PROPOSTA DE ORDENANZA REGULADORA DOS ASPECTOS RELATIVOS Á XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE CARBALLO.....</b>	<b>6</b>
<b>TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS.....</b>	<b>6</b>
Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.....	6
Artigo 2.- Marco competencial municipal.....	6
Artigo 3.- Residuos expresamente excluídos da xestión municipal.....	8
Artigo 4.- Normativa de aplicación.....	9
Artigo 5.- Definicións.....	9
<b>TÍTULO II.- RESPONSABILIDADES, DEREITOS E DEBERES.....</b>	<b>10</b>
Artigo 6.- Posesión dos residuos.....	10
Artigo 7.- Obrigas dos usuarios do servizo municipal de xestión de residuos.....	11
Artigo 8.- Obrigas dos produtores de residuos comerciais non perigosos que opten pola xestión externa dos seus residuos.....	11
Artigo 9.- Obrigas do servizo municipal de xestión de residuos.....	12
Artigo 10.- Dereitos dos usuarios do servizo municipal de residuos.....	13
Artigo 11.- Protección de datos persoais.....	14
<b>TÍTULO III.- XESTIÓN DOS RESIDUOS.....</b>	<b>15</b>
<b>CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS.....</b>	<b>15</b>
Artigo 12.- Modalidades de servizo.....	15
Artigo 13.- Descrición xeral das actuacións contempladas en cada modalidade de servizo.....	15
Artigo 14.- Regulacións comúns a todas as modalidades de servizo.....	16
Artigo 15.- Estrutura xeral de segregación de residuos.....	17
<b>CAPÍTULO II.- ASPECTOS ESPECÍFICOS RELATIVOS AO SERVIZO CONVENCIONAL DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS.....</b>	<b>18</b>
Artigo 16.- Regulacións específicas da recollida en contedor de uso colectivo en vía pública.....	18
Artigo 17.- Regulacións específicas da recollida en contedor de uso exclusivo.....	20
Artigo 18.- Regulacións específicas da recollida porta a porta.....	21
Artigo 19.- Regulacións específicas da xestión de biorresiduos mediante compostaxe doméstica.....	21
<b>CAPÍTULO III.- ASPECTOS ESPECÍFICOS RELATIVOS AO PUNTO LIMPO.....</b>	<b>22</b>
Artigo 20.- Disposicións xerais.....	22
Artigo 21.- Tipoloxías e cantidades de residuos admitidos no punto limpo municipal.....	23
Artigo 22.- Persoas usuarias do servizo do punto limpo.....	25
Artigo 23.- Xestión dos residuos.....	26
Artigo 24.- Reutilización de bens.....	26
Artigo 25.- Pequenos puntos limpos en proximidade.....	27

CAPÍTULO IV.- ASPECTOS ESPECÍFICOS RELATIVOS AO SERVIZO DE RECOLLIDAS EXTRAORDINARIAS.....	27
Artigo 26.- Recollida de residuos baixo demanda ou punto limpo móbil.....	27
Artigo 27.- Xeración e recollida de residuos en eventos públicos.....	28
Artigo 28.- Xestión de animais domésticos mortos.....	28
Artigo 29.- Retirada de vehículos abandonados.....	29
CAPÍTULO V.- PAGO POR XERACIÓN.....	30
Artigo 30.- Previsión da implantación do pago por xeración.....	30
<b>TITULO IV. VIXILANCIA, INSPECCIÓN, CONTROL E POTESTADE SANCIONADORA</b>	<b>31</b>
.....	
CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE O PROCEDEMENTO SANCIONADOR.....	31
Artigo 31.- Potestades de control: comprobación e inspección. Denuncia das infraccións.....	31
Artigo 32.- Responsabilidade.....	32
Artigo 33.- Deber de colaboración.....	32
Artigo 34.- Medidas complementarias.....	32
Artigo 35.- Execución subsidiaria.....	32
Artigo 36.- Obriga de reposición.....	33
CAPÍTULO II.- RÉXIME SANCIONADOR.....	33
Artigo 37.- Infraccións.....	33
Artigo 38.- Sancións.....	34
Artigo 39.- Reparación de danos.....	34
CAPÍTULO III.-PROCEDEMENTO SANCIONADOR.....	35
Artigo 40.- Normativa aplicable ao procedemento.....	35
Artigo 41.- Competencias sancionadoras.....	35
Artigo 42.- Procedemento.....	35
Artigo 43.- Gradación da contía das sancións.....	36
Artigo 44.- Execución forzosa das sancións.....	36
Artigo 45.- Prescrición das infraccións.....	37
<b>DISPOSICION DEROGATORIA ÚNICA.....</b>	<b>37</b>
<b>DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.....</b>	<b>37</b>

---

## CONTEXTUALIZACIÓN

O presente documento recolle unha proposta de modificación da vixente **ordenanza municipal reguladora da limpeza, salubridade e hixiene no termo municipal de Carballo** (publicada no BOP n.º 147, de 3 de agosto de 2012), naqueles aspectos que corresponda.

# **PROPOSTA DE ORDENANZA REGULADORA DOS ASPECTOS RELATIVOS Á XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE CARBALLO**

## **TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación**

- 1.- A regulación contida nesta Ordenanza ten por obxecto establecer as particularidades que atinxen a distintos aspectos relativos á xestión dos residuos municipais no termo municipal de Carballo.
- 2.- Igualmente, a presente ordenanza redáctase co fin de conseguir, dentro do termo municipal do Concello de Carballo, unha aplicación efectiva do réxime xurídico actualmente en vigor relativo á prevención, produción e xestión de residuos municipais. Neste sentido, a efectiva aplicación desta ordenanza debe contribuír a que, xunto con outras actuacións que se desenvolvan ao efecto, o Concello avance no cumprimento dos obxectivos normativos establecidos con relación aos residuos de competencia local.
- 3.- No relativo ao ámbito material de aplicación, este refírese, de forma xeral, aos residuos cuxa xestión é competencia do Concello de Carballo, de acordo co estipulado no artigo 12.5 da Lei 7/2022. Segundo o indicado no citado artigo, nestes residuos de competencia local están incluídos, de forma obrigatoria, os residuos perigosos e non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas e, de forma facultativa, os residuos similares en composición e cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias, que non se xeren como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.
- 4.- As obrigas do Concello de Carballo con relación á xestión destes residuos, desenvólvese con maior nivel de detalle no artigo da presente Ordenanza relativo ao marco competencial municipal.

### **Artigo 2.- Marco competencial municipal**

- 1.- En aplicación do establecido no artigo 12.5 da Lei 7/2022, corresponde ao Concello de Carballo, en tanto que entidade local, con carácter obrigatorio, en todo o seu ámbito territorial, a prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos. En aplicación do anterior, este servizo será de recepción obrigatoria para todos os produtores, actuais e potenciais, de residuos domésticos do municipio.

- 2.- No relativo aos residuos comerciais non perigosos, prevese que, por defecto, estes se xestionen tamén a través da vía municipal. Sen prexuízo do anterior, o Concello de Carballo, en virtude do establecido na Lei 7/2022, prevé a posibilidade de que os produtores de tales residuos poidan xestionalos por medio de xestores autorizados privados, de forma independente e non vencellada ao servizo municipal. Para estes produtores, o Concello de Carballo contempla a aplicación dun procedemento específico de cálculo de taxa polo servizo de xestión de residuos municipais, conforme se recolle na correspondente ordenanza fiscal.
- 3.- O Concello de Carballo resérvase o dereito de non aceptar a xestión a través da vía municipal daqueles residuos comerciais non perigosos que presenten características que incidan negativamente no adecuado funcionamento do sistema municipal de xestión.
- 4.- No caso de produtores de residuos comerciais non perigosos que xestionen todos ou parte dos seus residuos pola vía privada, estes deberán cumprir coas obrigas de información e comunicación que se regulan na lei de residuos autonómica e estatal así como na presente Ordenanza.
- 5.- No relativo aos residuos industriais, o Concello de Carballo só admitirá a xestión a través do servizo municipal dos residuos xerados nas industrias que sexan asimilables en natureza e cantidade aos residuos domésticos, e non teñan, dentro desta tipoloxía, a consideración de residuos suxeitos a recollidas especiais, debido ao seu volume, configuración ou composición.
- 6.- De forma concreta, o servizo de xestión de residuos municipais do Concello de Carballo contempla as seguintes operacións:
  - a) Traslado das diferentes fraccións dos residuos e o seu baleirado nos vehículos de recollida.
  - b) Devolución, se procede, dos elementos de contención, unha vez baleirados, aos puntos orixinais.
  - c) Retirada dos restos vertidos na vía pública como consecuencia destas operacións, ou que previamente estiveran depositados nos arredores dos contedores.
  - d) Xestión intermedia ou final, segundo corresponda, dos residuos recollidos, con destino a planta de tratamento autorizada.
  - e) Lavado e limpeza dos contedores de uso colectivo situados en vía pública.

- 7.- As operacións contempladas no citado servizo prestaranse a través da fórmula de xestión que se determine, nos termos previstos nesta Ordenanza, segundo os esquemas organizativos e técnicos que en cada momento se estimen oportunos. O Concello de Carballo é titular do servizo que preste de forma indirecta, ostentando este servizo en todo momento a cualificación de servizo público municipal, competencia que ten atribuída e que xustifica o control da súa xestión e a inspección do servizo en todo momento.
- 8.- Corresponde ao Concello de Carballo a potestade de vixilancia e inspección así como a potestade sancionadora no eido das competencias que exerza de acordo co establecido no correspondente apartado da presente Ordenanza.
- 9.- En caso de non cumprimento dos obxectivos establecidos na presente Ordenanza ou os previstos na normativa sectorial de aplicación con relación aos residuos municipais, o Concello de Carballo será competente para proceder á modificación das medidas establecidas na presente Ordenanza co fin de conseguir un maior grao de cumprimento dos citados obxectivos.

### **Artigo 3.- Residuos expresamente excluídos da xestión municipal**

- 1.- Quedan excluídos do servizo municipal de xestión de residuos todos aqueles que non teñen a consideración de residuos de competencia local de acordo co establecido na normativa de aplicación. De forma específica, quedan excluídos os residuos industriais e os residuos comerciais perigosos.
- 2.- O Concello poderá non aceptar no sistema de xestión municipal aqueles residuos comerciais non perigosos que teñan unhas características de configuración, presentación, volume, peso, cantidade diaria excesiva, alto contido de humidade ou outras características, que imposibiliten a súa xestión a través do servizo municipal.
- 3.- O Concello de Carballo poderá non aceptar a xestión a través do servizo municipal daqueles residuos domésticos que poidan estar xa asociados a unha canle de recollida específica; como, por exemplo, aquela suxeita á responsabilidade ampliada do produtor que non teña acordo de recollida no sistema municipal.
- 4.- En todo caso, para os produtores, posuidores e xestores de residuos municipais excluídos do sistema de xestión municipal será igualmente de aplicación o disposto, de forma xeral, na presente ordenanza.

## Artigo 4.- Normativa de aplicación

1.- De forma xeral, aos efectos do establecido nesta Ordenanza, serán de aplicación as definicións recollidas, entre outras, na seguinte relación de normativa:

- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto 1055/2022, de 27 de decembro, de envases e residuos de envases.
- Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.
- Real Decreto 27/2021, de 19 de xaneiro, polo que se modifican o Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, e o Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- Real Decreto 265/2021, de 13 de abril, sobre los vehículos ao final da súa vida útil e polo que se modifica o Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

## Artigo 5.- Definicións

1.- De seguido recóllense as definicións daqueles termos que se consideran de maior relevancia para a correcta comprensión do articulado da presente ordenanza:

- a) Residuo: calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar.
- b) Produtor de residuos: a efecto da presente ordenanza, calquera persoa física ou xurídica cuxa actividade produza residuos (produtor inicial de residuos).
- c) Residuo doméstico: residuos perigosos Ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considéranse tamén residuos domésticos os similares en composición e cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias, que non se xeren como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.

Inclúense tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparellos eléctricos e electrónicos, téxtil, pilas, acumuladores, mobles, enseres e colchóns, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

Terán a consideración de residuos domésticos, os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

- d) Residuos comerciais: residuos xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.
- e) Residuos industriais: residuos resultantes dos procesos de produción, fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento xerados pola actividade industrial como consecuencia da súa actividade principal.
- f) Xestión de residuos: a recollida, o transporte, a valorización e a eliminación dos residuos, incluída a clasificación e outras operacións previas; así como a vixilancia destas operacións e o mantemento posterior ao peche dos vertedoiros.
- g) Recollida separada: recollida na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo e natureza, para facilitar un tratamento específico.
- h) Prevención: conxunto de medidas adoptadas na fase de concepción e deseño, de produción, de distribución e de consumo dunha substancia, material ou produto, para reducir: a) a cantidade de residuo, mesmo mediante a reutilización dos produtos ou o alongamento da vida útil dos produtos, b) os impactos adversos sobre o medio ambiente e a saúde humana dos residuos xerados, incluíndo o aforro no uso de materiais ou enerxía, ou c) o contido de substancias perigosas en materiais e produtos.

## **TÍTULO II.- RESPONSABILIDADES, DEREITOS E DEBERES**

### **Artigo 6.- Posesión dos residuos**

- 1.- Unha vez dispostos os residuos nos termos establecidos nesta Ordenanza, adquirirán o carácter de propiedade do Concello de Carballo.
- 2.- Prohíbese seleccionar e retirar para o seu aproveitamento calquera clase de material residual disposto para recollida ou entregado no punto limpo, agás con licenza expresa do Concello de Carballo.
- 3.- Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida e aproveitamento dos residuos municipais, segundo o exposto nesta Ordenanza.



## **Artigo 7.- Obrigas dos usuarios do servizo municipal de xestión de residuos**

1.- Os produtores de residuos que sexan usuarios do servizo de recollida municipal están obrigados a:

- a) Recibir o servizo de xestión de residuos municipais conforme ao establecido na presente ordenanza.
- b) Reducir o volume dos residuos e poñelos a disposición do servizo de recollida de tal forma que se aproveite a capacidade dos medios de recollida.
- c) Separar correcta e separadamente os residuos en orixe de acordo ás fraccións establecidas na presente Ordenanza.
- d) Cumprir coas condicións específicas de cada modalidade de recollida, especialmente no relativo aos horarios de depósito e entrega de residuos e ás condicións nas que deben presentarse os residuos.
- e) Ante a presenza dun contedor cheo, absterse de efectuar os depósitos de residuos nese contedor concreto ou na vía pública, debéndose en tal caso levar a outros contedores da fracción correspondente.
- f) Abonar a correspondente taxa municipal relativa á prestación do servizo de xestión de residuos municipais.

## **Artigo 8.- Obrigas dos produtores de residuos comerciais non perigosos que opten pola xestión externa dos seus residuos**

1.- Os produtores de residuos comerciais non perigosos que xestionen por si mesmos todos ou parte dos seus residuos, deberán cumprir coas obrigas de información sinaladas no artigo 20.3 da Lei 7/2022 e no artigo 26.4 da Lei 6/2021. Neste sentido, antes do 1 de marzo de cada ano, cada un destes produtores deberá presentar unha declaración anual ao Concello de Carballo co seguinte contido mínimo:

- a) Datos de identificación da actividade produtora, entre os que deberán figurar, en todo caso, a razón social, o CIF, a localización e os datos de contacto da persoa que actúe como responsable da xestión do residuo ante o Concello de Carballo.
- b) Datos relativos á produción de residuos, entre os que debe figurar, en todo caso, a cantidade total, en peso, de residuos comerciais non perigosos xerados anualmente. Ditas cantidades deberanse indicar para cada tipoloxía de residuo, para o que se deberá precisar, en cada caso, o correspondente código da Lista Europea de Residuos (LER).

- c) Información relativa aos sistemas de xestión utilizados, debéndose indicar, en todo caso, a razón social, o CIF e o NIMA dos xestores implicados na xestión dos residuos e os tratamentos aplicados ao residuo por cada un deles. No caso de que parte dos residuos se xestionen a través do servizo municipal, deberá reflectirse tamén este feito neste apartado da declaración anual. A información anterior acompañarase dos correspondentes contratos de tratamento establecidos con cada un dos xestores.
  - d) Cantidades, en peso, de residuos comerciais non perigosos enviadas a cada un dos xestores. Neste sentido, a declaración anual deberá incluír unha táboa na que, para cada código LER, se indiquen as cantidades xestionadas por cada xestor e a operación de tratamento ou eliminación realizada por este. Esta táboa resumo deberá acompañarse dos correspondentes Documentos de Identificación, xerados no traslado do residuo en aplicación da normativa vixente, nos que figure a aceptación do residuo por parte do xestor de destino.
- 2.- A citada declaración anual presentada por cada produtor de residuos comerciais non perigosos que opten pola vía da xestión privada de parte ou da totalidade destes residuos, será revisada polo persoal técnico municipal. Esta revisión permitirá determinar o importe da taxa de lixo que corresponde a cada produtor, conforme ao establecido na correspondente ordenanza fiscal. O importe calculado será comunicado polo Concello de Carballo a cada produtor.
- 3.- Estes produtores deberán facilitar ao Concello de Carballo para que este, no marco das súas competencias, execute os labores de inspección oportunos.
- 4.- En todo caso, os produtores de residuos comerciais non perigosos quedan obrigados a separalos en orixe, independentemente de se optan pola vía de xestión municipal ou privada.

## **Artigo 9.- Obrigas do servizo municipal de xestión de residuos**

Con carácter non exhaustivo, e no ámbito regulado pola presente Ordenanza, de seguido preséntanse as obrigas do Concello de Carballo con relación á xestión dos residuos de competencia local:

- a) Prestar o servizo público de xestión de residuos municipais, nos termos previstos nesta Ordenanza e na normativa xeral e sectorial aplicable.
- b) Tomar as medidas adecuadas para que o servizo de xestión de residuos municipais implantado no concello responda en todo momento ás esixencias normativas en vigor

- c) Prestar o citado servizo de forma eficiente, tanto a nivel operativo como económico e ambiental, buscando ofrecer un servizo de calidade.
- d) Dotarse dos medios humanos e materiais necesarios para asegurar a prestación do servizo nos termos de eficiencia operativa, económica e ambiental aos que se refire o punto anterior. Igualmente, dita dotación de medios debe permitir a eficaz execución dos labores de vixilancia, inspección e control da xestión dos residuos municipais.
- e) Manter os medios materiais postos a disposición do servizo, en correcto estado de limpeza e mantemento.
- f) Realizar campañas informativas e de sensibilización sobre unha xestión dos residuos municipais respectuosa co medio ambiente e coa saúde humana. Ditas campañas incluírán, en todo caso, a difusión de información relativa ás condicións nas que se presta o servizo e sobre novas ordes ou instrucións que se aproben ao respecto do servizo.
- g) Informar ás persoas usuarias do servizo das decisións adoptadas polo Concello e que teñan repercusión sobre a operativa do citado servizo.
- h) Responder de xeito motivado ás queixas, suxestións e peticións que fagan as persoas produtoras/posuidoras de residuos e os cidadáns en xeral.

## **Artigo 10.- Dereitos dos usuarios do servizo municipal de residuos**

- 1.- As persoas usuarias do servizo de xestión de residuos municipais teñen dereito, no ámbito desta Ordenanza, con carácter xeral e segundo se desenvolva en ordes e instrucións de servizo, a:
- a) Recibir un servizo municipal de xestión de residuos executado conforme ao descrito na presente Ordenanza.
  - b) Recibir un servizo continuo e adaptado ás necesidades da poboación, que cumpra cos estándares de calidade establecidos na normativa vixente.
  - c) Recibir un servizo accesible para todas as persoas residentes no municipio, independentemente da súa localización xeográfica, situación económica ou condición persoal.
  - d) Recibir información clara, actualizada e accesible sobre as características, horarios e modalidades do servizo de xestión de residuos, así como sobre as obrigas que lles corresponden como xeradores de residuos.
  - e) Recibir información e formación en materia de educación e sensibilización ambiental relacionados coa xestión axeitada dos residuos.

- f) Recibir un tratamento dos datos persoais que proporcionen en relación co servizo de xestión de residuos, en liña coa normativa vixente en materia de protección de datos, de forma que se lle garanta a súa confidencia e o uso exclusivo para os fins relacionados coa prestación do servizo.
- g) Acceder á consulta da correspondente ordenanza fiscal na que se regula a taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais.
- h) Participar, de xeito individual ou colectivo, nos procesos de consulta e toma de decisións relacionados coa mellora do servizo. Este dereito inclúe a posibilidade de presentar suxestións, queixas ou reclamacións respecto ao funcionamento do servizo.
- i) Recibir respostas fundamentadas ás súas peticións.
- j) Gozar dun entorno urbano e rural limpo e libre de residuos, en liña cos principios de protección ambiental e saúde pública.

## **Artigo 11.- Protección de datos persoais**

- 1.- De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais recollidos no marco desta ordenanza utilizaranse exclusivamente para as finalidades específicas da xestión e control dos residuos.
- 2.- A recollida de datos persoais, tanto de forma directa ou indirecta, realizada polo Concello de Carballo en virtude do despregamento de servizos actuais e/ou futuros, será sempre comunicada ás persoas usuarias de tales servizos. Igualmente, no caso de que os datos recollidos sexan cedidos a terceiros, o Concello de Carballo seguirá actuando como responsable e velará porque o seu tratamento se realice de acordo coa normativa de protección de datos de carácter persoal en vigor.
- 3.- Os datos serán tratados baixo a responsabilidade do Concello de Carballo, que garantirá a súa confidencialidade, seguridade e o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade, de acordo coa lexislación vixente.
- 4.- A recollida e tratamento de datos realizaranse respectando os principios de minimización e proporcionalidade, asegurando que só se recollan os datos estritamente necesarios para a prestación do servizo de xestión de residuos.
- 5.- As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de protección de datos dirixíndose á persoa Delegada de Protección de Datos designada polo Concello nos termos previstos na normativa vixente.

# **TITULO III.- XESTIÓN DOS RESIDUOS**

## **CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS**

### **Artigo 12.- Modalidades de servizo**

- 1.- No momento da aprobación da presente ordenanza reguladora, o servizo xeral de xestión de residuos municipais que presta de forma regular o Concello de Carballo contempla as seguintes modalidades de recollida:
  - a) Recollida separada de residuos en contedor de uso colectivo en vía pública.
  - b) Recollida separada de residuos en contedor de uso exclusivo.
  - c) Recollida separada porta a porta.
  - d) Xestión mediante compostaxe doméstica.
- 2.- Estas recollidas convencionais complétanse co servizo de punto limpo municipal e unha serie de recollidas extraordinarias. Estas últimas inclúen: a recollida a demanda das tipoloxías de residuos especificadas no correspondente apartado da presente Ordenanza, a recollida de residuos xerados en eventos públicos, a xestión de animais domésticos mortos e a retirada de vehículos abandonados.

### **Artigo 13.- Descrición xeral das actuacións contempladas en cada modalidade de servizo**

- 1.- No relativo á recollida convencional en contedor de uso colectivo, situado en vía pública, no momento da aprobación da presente ordenanza, o Concello de Carballo conta con contedores para o depósito separado de: biorresiduos, envases lixeiros, papel-cartón, envases de vidro, fracción resto, aceite de cociña usado e residuos téxtiles.
- 2.- No relativo á recollida convencional en contedor de uso exclusivo, esta modalidade só aplica a certas actividades económicas que, polas características da súa xeración ou en virtude dunha optimización da recollida, dispoñen de medios de depósito separado de residuos de uso individual.
- 3.- No relativo á recollida convencional porta a porta, no momento da aprobación da presente ordenanza, recóllese baixo esta modalidade o papel-cartón comercial e as pilas.
- 4.- No relativo á xestión de biorresiduos mediante compostaxe doméstica, esta está implantada na área rural do municipio. No marco do programa municipal de compostaxe doméstica, o Concello de Carballo cede, de balde, composteiros domésticos a aquelas vivendas que dispoñan dunha zona verde para a súa instalación e designa persoal técnico para labores de seguimento do funcionamento dos composteiros en uso.

- 5.- Igualmente, o servizo de xestión de residuos municipais que realiza o Concello de Carballo contempla a execución de recollidas extraordinarias. Estas execútanse ben baixo demanda, ben cando se detecta a necesidade de recoller e xestionar un determinado residuo de competencia local que non se produce regular nin frecuentemente.
- 6.- Respecto desta relación completa de opcións de recollida ou xestión separada, o Concello de Carballo prevé a posibilidade de modificala ou ampliála, en virtude de novos desenvolvementos normativos, da aparición de novas posibilidades técnicas ou do interese municipal motivado.
- 7.- De xeito específico, a citada relación de opcións de recollida separada será revisada con motivo da autorización e entrada en funcionamento de novos Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor. Neste sentido, estarase ao disposto nos convenios que se establezan cos citados sistemas, especialmente no relativo aos obxectivos normativos que se deben acadar, a posibles novas modalidades de recollida que se deban implantar e á dotación de medios necesarios para tal fin.
- 8.- As modificacións ou ampliacións ás que se refiren os dous puntos anteriores serán comunicadas previamente aos produtores de residuos municipais polo Concello de Carballo a través das vías de información municipal habituais.

#### **Artigo 14.- Regulacións comúns a todas as modalidades de servizo**

- 1.- As persoas usuarias do sistema municipal de xestión de residuos quedan obrigadas a separar os residuos xerados no lugar de produción de acordo coas fraccións recollidas ou xestionadas de forma separada no Concello de Carballo, en cada momento.
- 2.- A achega dos residuos nos puntos que se habiliten ao efecto deberá realizarse respectando os requisitos de horario e forma de disposición dos residuos así como de pureza dos materiais entregados que figuran na presente Ordenanza ou que se establezan en futuros desenvolvementos.
- 3.- No caso das recollidas en contedor, só se admitirá a achega de residuos da fracción que corresponda a cada tipo de contedor.
- 4.- Nas recollidas porta a porta, admitirase a achega de residuos a granel ou en recipiente normalizado, segundo o Concello de Carballo estableza para cada fracción. Igualmente, o servizo municipal de recollida unicamente procederá á retirada ou baleirado daqueles recipientes para os que se verifique que o seu contido respecta o calendario de recollidas e cumpre cos requisitos de calidade que se esixan para cada fracción.

- 5.- Aqueles residuos de competencia local para os que non existan puntos de achega específicos deberán ser entregados no punto limpo municipal. Entre outros, inclúense neste grupo, os residuos domésticos perigosos. Dita achega debe realizarse cumprindo co establecido na presente Ordenanza con relación ao funcionamento da instalación do punto limpo.
- 6.- De forma específica, para os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, en aplicación do artigo 22.1 do Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, os distribuidores de tales aparellos aceptarán a entrega dun RAEE de tipo equivalente ao de nova adquisición. Os distribuidores deberán cumprir con esta obriga cando o RAEE sexa entregado pola persoa usuaria no punto de venda do distribuidor, así como cando dita entrega se realice na vivenda, ao subministrarlle o novo aparello.
- 7.- Os comportamentos de achega de residuos aos puntos de recollida incumprindo as normas establecidas na presente Ordenanza serán susceptibles de sanción.

## **Artigo 15.- Estrutura xeral de segregación de residuos**

- 1.- De seguido, indícase unha relación non exhaustiva dos residuos actualmente admitidos en cada unha das fraccións recollidas de forma separada no Concello de Carballo no momento da aprobación da presente Ordenanza reguladora:
  - a) Biorresiduos: restos de alimentos, tanto de orixe vexetal como animal, e restos vexetais de pequeno tamaño. Entre os primeiros inclúense expresamente os pousos de café e té e bolsas de infusións. Pola súa banda, exemplos de restos vexetais de pequeno tamaño admitidos serían plantas mortas ou flores secas.
  - b) Envases lixeiros: latas de aceiro ou aluminio, bandexas e envoltorios de envasado de alimentos de aluminio e plástico (filme), tapas, tapóns, chapas, bricks, botellas de plásticos, envases de plástico ou metálicos para produtos lácteos, caixas de ovos de plástico, botes de plástico de produtos de hixiene persoal (cremas, xel de baño, pasta de dentes) e de limpeza doméstica (deterxentes, lixivia, suavizantes) e bolsas de plástico. En todo caso, tratarase de envases baleiros.
  - c) Papel-cartón: caixas e envases de cartón, papel de envolver, revista e xornais, libros, cadernos, cadernos, folios, cartafolios, cartolinas e bolsas de papel.
  - d) Envases de vidro: botes e botellas de vidro de calquera cor, tarros de cosmética e perfumería, frascos de conservas e artigos de vidro, agás espellos e vidro plano.
  - e) Aceite de cociña usado: graxas de orixe animal ou vexetal (aceites de oliva, de sementes de xirasol e outras, etc.) empregados no cociñado de alimentos. Atendendo a esta definición, os aceites minerais lubricantes como o aceite para coche quedarían excluídos.

- f) Residuos téxtiles: calquera peza de roupa e téxtil de fogar que a persoa posuidora queira ou teña que desbotar, tales como: camisas, pantalóns, vestidos, roupa de cama, cortinas, manteis, toallas, bolsos, cintos, luvas, calzado, e restos de tea e tecidos.
- g) Residuos domésticos especiais: inclúense nesta categoría os residuos xerados nos fogares que, polo seu tamaño ou características especiais, non poden ser postos a disposición do servizo de recollida nos medios de recollida convencionais, polo que deben ser entregados no punto limpo ou recollidos baixo demanda. Exemplos destes residuos son: colchóns, mobles e electrodomésticos en xeral, entre outros.
- h) Fracción resto: inclúense nesta fracción aqueles tipos de residuos que non dispoñen de ningunha recollida selectiva, baixo ningunha modalidade das contempladas na presente Ordenanza Exemplos destes residuos son: residuos téxtiles sanitarios, papel manchado de graxa, bolígrafos, rotuladores, cepillos de dentes ou xoguetes non electrónicos e sen pilas, entre outros.

2.- O Concello de Carballo prevé que as relacións de residuos anteriores poidan ser modificadas en virtude da introdución de novas recollidas separadas, de novos desenvolvementos lexislativos e tecnolóxicos ou do interese municipal debidamente motivado.

3.- O Concello de Carballo comunicará aos usuarios do servizo municipal de xestión de residuos os cambios que se produzan en relación ao indicado no punto anterior. Esta comunicación realizarase a través das vías de información municipal habituais.

## **CAPÍTULO II.- ASPECTOS ESPECÍFICOS RELATIVOS AO SERVIZO CONVENCIONAL DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS**

### **Artigo 16.- Regulacións específicas da recollida en contedor de uso colectivo en vía pública**

- 1.- O sistema maioritario establecido no Concello de Carballo é o de recollida en contedores de uso colectivo, situados na vía pública.
- 2.- No momento da aprobación da presente ordenanza, o Concello de Carballo conta con contedores para o depósito separado das seguintes fraccións de residuos: biorresiduos, envases lixeiros, papel-cartón, envases de vidro, fracción resto, aceite de cociña usado e residuos téxtiles.



- 3.- O Concello de Carballo prevé a posibilidade de que os contedores que se dispoñan para o depósito das diferentes fraccións sexan de tipo pechado, requirindo o emprego dalgún medio de apertura que pode levar asociado ou non un sistema de identificación da persoa usuaria.
- 4.- No caso da implantación de sistemas de apertura con identificación da persoa usuaria, será de aplicación o disposto na presente ordenanza con relación á protección de datos de carácter persoal.
- 5.- Nos contedores para fracción resto depositaranse os residuos domésticos autorizados en bolsas perfectamente pechadas. Pola súa banda, nos contedores de papel-cartón e vidro, os residuos admitidos depositaranse sen bolsa mentres que nos de envases lixeiros, o emprego de bolsa será facultativo debéndose, en todo caso, pregar os envases lixeiros antes do seu depósito de forma que ocupen o menor volume posible, optimizando así a capacidade do contedor. Por último, no caso dos contedores para biorresiduos, as bolsas serán de tipo compostable, preferentemente.
- 6.- No caso do aceite de cociña usado, este debe introducirse en envases pechados de plástico, tipo botella ou similar de ata 5 litros.
- 7.- No caso dos residuos téxtiles, estes deben depositarse en bolsa pechada no correspondente contedor.
- 8.- O Concello de Carballo prevé a posibilidade de realizar cambios sobre o tipo de fraccións recollidas en contedor de uso colectivo en vía pública ou á forma de depósito de residuos nos contedores, con motivo de futuros desenvolvementos normativos, en virtude dunha mellor operativa da recollida ou en base a intereses municipais motivados. Os cambios que se produzan neste sentido serán comunicados ás persoas usuarias do servizo a través das vías de información municipal habituais.
- 9.- O horario para o depósito de fracción resto no casco urbano será de 20:00 a 22:00 horas, de luns a sábado, ámbolos dous días incluídos. O uso dos contedores de vidro, papel- cartón, envases lixeiros, aceite de cociña usado e residuos téxtiles de todo o concello, non está suxeito a horario. O mesmo ocorre cos contedores para fracción resto situados na zona rural do concello, para os que non se limita tampouco o horario de depósito.
- 10.- Unha vez utilizado o contedor, deberase asegurar que a tapa queda pechada.
- 11.- O Concello poderá modificar os horarios e establecer outro horario específico por razóns técnicas xustificadas. As modificacións realizadas neste sentido serán comunicadas a través das canles de información municipal.
- 12.- O depósito de residuos non autorizados, que produzan avarías no sistema mecánico e hidráulico dos vehículos de recollida, dará lugar á repercusión do custo da súa reparación, ao usuario que cometese a infracción.

13.- En ningún caso poderán depositarse residuos na vía pública, incluídas as zonas próximas aos contedores, aínda que estes se atopen cheos ou presenten algún tipo de dano que impidan a súa utilización.

## **Artigo 17.- Regulacións específicas da recollida en contedor de uso exclusivo**

- 1.- No caso de xeradores non domésticos de residuos municipais, o Concello de Carballo prevé a posibilidade de que aqueles que xeren diariamente máis de 360 litros dunha fracción de residuos, queden obrigados a empregar contedores de uso exclusivo.
- 2.- O Concello de Carballo determinará o número de contedores de cada fracción que se asignará e cederá a cada xerador ao que se refire o punto anterior.
- 3.- Os produtores non domésticos que se atopen fóra da relación de usuarios obrigados ao uso de tales contedores pero que desexen solicitalo, poderán formalizar dita solicitude ante o concello. Esta será avaliada por parte do persoal técnico municipal quen decidirá se procede ou non a entrega dos medios de conterización solicitados.
- 4.- Cando corresponda, o Concello, ou no seu caso a empresa concesionaria do servizo, previa autorización do Concello, procederá á limpeza ou renovación destes contedores, por deterioro ou outra razón, e imputaráselle o cargo correspondente ao usuario.
- 5.- O depósito de residuos con ou sen bolsa e o tipo de bolsa que se debe empregar, para cada fracción, seguirá o xa estipulado para os contedores de uso colectivo situados na vía pública.
- 6.- Os cambios que poidan producirse con relación á forma de depósito de residuos indicada no punto anterior, con motivo de futuros desenvolvementos normativos, en virtude dunha mellor operativa da recollida ou por interese municipal motivado, serán comunicados aos usuarios do servizo a través das vías de información municipal habituais.
- 7.- Os usuarios que dispoñan de contedores de uso exclusivo e retornable, de forma xeral, colocarán os devanditos contedores para recollida no exterior do local ou establecemento, nun lugar de fácil acceso para o servizo municipal, dentro da franxa horaria que o Concello estableza ao efecto.
- 8.- Unha vez baleirado, o servizo municipal devolverá novamente cada contedor ao punto no que foi colocado para a súa recollida. Os contedores baleiros deberán ser retirados da vía pública polos seus respectivos usuarios.
- 9.- No caso dos xeradores non domésticos do sector HORECA que superen os 360 litros de xeración diaria de residuos de vidro, o Concello de Carballo prevé a posibilidade de obrigar a tales usuarios a achegar ditos residuos ao contedor de uso colectivo situado en vía pública.

## **Artigo 18.- Regulacións específicas da recollida porta a porta**

- 1.- No momento da aprobación da presente ordenanza, o Concello de Carballo presta este tipo de recollida para o papel-cartón comercial.
- 2.- Os usuarios de dito servizo deberán poñer a disposición do servizo de recollida os seus residuos nos puntos e horario que o Concello de Carballo determine ao efecto.
- 3.- O depósito de residuos para recollida realizarase nos puntos de recollida e recipientes que o Concello de Carballo determine para cada fracción e tipo de produtor.
- 4.- No caso de que a retirada de residuos realizada polos servizos municipais leve asociado o retorno do recipiente baleiro ao punto no que foi situado polo usuario, este deberá proceder á introdución deste novamente no interior da vivenda ou local de produción do residuo.
- 5.- Cando a recollida porta a porta se acompañe da recollida de datos de carácter persoal, será de aplicación o disposto na presente Ordenanza con relación á protección de datos.

## **Artigo 19.- Regulacións específicas da xestión de biorresiduos mediante compostaxe doméstica**

- 1.- As persoas que residan nalgunha vivenda do municipio de Carballo e que dispoñan nesta dun espazo mínimo de 50 m<sup>2</sup> de zona verde, poden solicitar un composteiro doméstico para a xestión dos seus biorresiduos mediante compostaxe in situ.
- 2.- As persoas que, voluntariamente, participen no programa municipal de compostaxe doméstica quedan obrigadas a instalar o composteiro na vivenda indicada no momento da solicitude e a facer un uso del conforme ás instrucións recibidas por parte dos servizos municipais.
- 3.- Igualmente, estas persoas deberán permitir o acceso ao composteiro do persoal técnico que o Concello de Carballo designe para realizar labores de seguimento dos composteiros entregados.
- 4.- A entrega do composteiro á persoa solicitante farase en réxime de cesión gratuíta de forma que o Concello de Carballo se reserva o dereito a solicitar a devolución dos materiais cedidos, caso de detectarse un uso non adecuado destes.

## **CAPÍTULO III.- ASPECTOS ESPECÍFICOS RELATIVOS AO PUNTO LIMPO**

### **Artigo 20.- Disposicións xerais**

- 1.- Para os efectos da presente Ordenanza enténdese por punto limpo a instalación pechada e controlada, de titularidade municipal, debidamente autorizada para ser destinada á recollida selectiva de residuos de competencia local que non son obxecto de recollida convencional e na que a persoa usuaria deposita os residuos separados para facilitar a súa xestión posterior de acordo coa xerarquía de residuos.
- 2.- Non se admitirá a entrega de residuos industriais, tales como os xerados como resultado do desenvolvemento de actividades profesionais. En aplicación da normativa en vigor, a xestión destes residuos debe facerse a través de xestores autorizados contratados ao efecto pola persoa, física ou xurídica, produtora do residuo.
- 3.- En aplicación do sinalado no punto anterior, o Concello de Carballo limitará a tipoloxía e cantidade de residuos admitidos no punto limpo, segundo o disposto no correspondente apartado da presente ordenanza.
- 4.- O Concello de Carballo poderá xestionar a instalación do punto limpo de forma directa, con medios propios, ou a través dunha empresa concesionaria do servizo.
- 5.- No momento da aprobación da presente ordenanza, o punto limpo municipal do Concello de Carballo atópase situado no polígono industrial de Bértoa e o seu horario de atención ao público é de 10 a 13 horas e de 16 a 19 horas, os xoves e sábados.
- 6.- O Concello de Carballo prevé a posibilidade de modificar os días e horas de atención ao público desta instalación, en virtude das circunstancias que poidan sobrevenir. As modificacións que se realicen ao efecto, sobre o indicado no punto anterior, serán comunicadas a través das vías de información municipal habituais.
- 7.- Queda totalmente prohibido, baixo posibilidade de sanción, o abandono de residuos na porta das instalacións.

## Artigo 21.- Tipoloxías e cantidades de residuos admitidos no punto limpo municipal

1.- No punto limpo poderanse depositar, con carácter xeral, os seguintes tipos de residuos nas cantidades admisibles por día que se especifican no seguinte cadro:

TIPO	MÁXIMO DIARIO	OBSERVACIÓNS
Papel e cartón	Unha bolsa de 30 litros	As caixas de cartón deberanse abrir e comprimir para reducir o volume dos residuos. O papel deberase presentar en bolsas ou caixas pechadas.
Vidro	Unha bolsa de 30 litros	Deberá acondicionarse de forma que se evite a súa rotura.
Poda e restos vexetais de orixe domiciliaria	200 kg ou 2 m <sup>3</sup>	Na medida do posible, a lonxitude das ramas non excederá dun metro.
Cascallos da obra doméstica	60 kg	Procedentes de obras menores, en domicilios particulares. Deberanse presentar en sacos ou bolsas de plástico, pechados, de 25 quilos como máximo.
Plásticos	10 kg	Admitiranse residuos de envases e bolsas e obxectos plásticos.
Pilas	5 kg	Deberanse separar os diferentes tipos de pilas, ben sexan de botón, salinas ou alcalinas.
Mobles e apeiros de madeira	100 kg	
Colchóns	2 unidades	
Sofás	2 unidades	
Metais ou ferralla	60 kg	
Electrodomésticos con CFCs	3 unidades	Entregaranse sen que produza rotura do circuíto de refrixeración.
Tubos fluorescentes e lámpadas	2 unidades	
Resto de electrodomésticos	3 unidades	
Aerosois	5 kg	
Disolventes, pinturas e vernices	10 kg	
Aceites minerais e vexetais de uso doméstico	Usuarios domésticos: 5 kg	Presentaranse en garrafas ou botellas de plástico.
	Profesionais do sector hostaleiro: ata 20 kg	
Baterías e pneumáticos de vehículos	2 unidades	As baterías de vehículos deberán levar pechados os depósitos que conteñen os ácidos.
Téxtiles	20 kg	
Ordenadores	2 unidades	
Outros: tóner, teléfonos, medicamentos, radiografías...	0,5 kg	As radiografías entregaranse introducidas en sobre de papel.

- 
- 2.- Mensualmente, cada usuario non poderá exceder do dobre da cantidade diaria permitida por día para cada residuo.
- 3.- De forma expresa, non se admitirán no punto limpo os seguintes tipos de residuos:
- a) Residuos industriais.
  - b) Residuos mineiros ou de industrias extractivas.
  - c) Residuos perigosos distintos dos indicados na táboa anterior.
  - d) Residuos biodegradables, distintos dos restos de poda de orixe domiciliaria.
  - e) Materiais radioactivos.
  - f) Residuos infecciosos.
  - g) Residuos sanitarios dos grupos III, IV e V.
  - h) Residuos agrícolas e gandeiros.
  - i) Materiais explosivos.
  - j) Animais mortos.
  - k) Residuos de produtos fitosanitarios (estes residuos deben depositarse na rede de puntos habilitados polo sistema colectivo de responsabilidade ampliada do produtor SIGFITO).
  - l) Residuos sen segregar, sen identificar ou en condicións que poida prexudicar a almacenaxe temporal na instalación do punto limpo.
- 4.- Os residuos cuxa xestión estea afectada por normativa específica, regularanse polas disposicións que nesta se estableza, prevalecendo sobre o establecido na presente Ordenanza.
- 5.- O Concello resérvase o dereito de modificar os residuos e cantidades destes admitidos. As modificacións que se produzan a este respecto serán comunicadas a través das vías de información municipal habituais.

## Artigo 22.- Persoas usuarias do servizo do punto limpo

- 1.- O punto limpo poderá ser empregado, de forma preferente, polas persoas que residan no Concello de Carballo.
- 2.- As persoas que fagan entrega de residuos de orixe doméstica no punto limpo, deberán identificarse mostrando o seu Documento Nacional de Identidade (DNI) á persoa encargada da atención ao público na citada instalación. Ademais, deberán acreditar documentalmente que residen ou son titulares dun inmovible no termo municipal de Carballo. Para tal fin, admitirase a presentación de calquera dos seguintes tres documentos:
  - a) DNI no que figure o domicilio no concello,
  - b) un certificado de empadramento no concello
  - c) ou un recibo de pago do imposto de bens inmoables, relativo a un inmovible situado dentro do termo municipal do Concello de Carballo.
- 3.- A persoa responsable da atención ao punto limpo rexistrará o nome e DNI da persoa que entrega o residuo, así como información sobre a tipoloxía e cantidade de residuos aos que dá entrada.
- 4.- De forma xeral, as persoas usuarias do servizo do punto limpo deberán cumprir coas seguintes obrigas:
  - a) Seguir as instrucións do persoal que atende o punto limpo con relación á forma e lugar de depósito dos residuos.
  - b) Non depositar residuos fóra das instalacións ou fóra dos contedores existentes para cada tipo de residuo.
  - c) Respetar os sinais viarios de circulación existentes no interior da instalación.
  - d) Limitar a velocidade de circulación dentro do recinto a un máximo de 10 km/hora.
- 5.- As persoas usuarias do servizo poderán acceder ao interior das instalacións tanto a pé, como en vehículo particular que non exceda os 3.000 kg de tara.
- 6.- Só será posible acceder á instalación do punto limpo no horario establecido e previa autorización da persoa encargada da atención ao público na instalación. Ademais, o depósito de residuos nos correspondentes contedores deberá facerse atendendo ás instrucións indicadas por esta.
- 7.- Segundo o disposto na presente Ordenanza, á hora da recollida de datos de carácter persoal no marco da prestación do servizo de punto limpo, estarase de acordo á normativa en vigor con relación á protección da datos de carácter persoal.

## **Artigo 23.- Xestión dos residuos**

- 1.- Unha vez recibidos no punto limpo, os residuos pasarán a ser propiedade do Concello de Carballo.
- 2.- O almacenamento dos residuos nas instalacións realizarase tendo en conta as seguintes condicións:
  - a) Levarase a cabo sen poñer en perigo a saúde humana ou o medio.
  - b) Cada residuo deberá depositarse no seu contedor correspondente.
  - c) Non se superará a capacidade máxima dos contedores existentes para o depósito de cada fracción de forma separada.
  - d) Os contedores serán de uso exclusivo das instalacións, non permitíndose a súa utilización fóra dos puntos limpos.
- 3.- O Concello de Carballo, directamente ou a través de terceiros, transferirá os residuos ao correspondente xestor autorizado. Dita transferencia, poderá facerse mediante contratación directa do xestor e no marco dos convenios que se establezan cos correspondentes Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor, segundo proceda.
- 4.- En todo caso, a entidade xestora do punto limpo, sexa o Concello de Carballo ou un terceiro, estará en posesión dos correspondentes contratos de tratamento e dos documentos de identificación xerados nos traslados dos residuos a xestor.
- 5.- Igualmente, o Concello de Carballo ou o terceiro responsable da xestión do punto limpo, cumprirá co conxunto de obrigas de información que sexan de aplicación segundo o disposto na Lei 7/2022.

## **Artigo 24.- Reutilización de bens**

- 1.- O Concello de Carballo prevé a posibilidade de realizar os trámites administrativos necesarios para habilitar a instalación do punto limpo ou outros locais municipais para derivar cara á reutilización certos obxectos que os usuarios entreguen en bo estado.
- 2.- O persoal do punto limpo ou dos locais que se habiliten ao efecto, identificará, seleccionará e separará os bens (mobles e útiles do fogar) que estean en bo estado e que considere aptos para volver ser utilizados. Estes bens integraranse nunha listaxe de bens para a reutilización que se poñerá ao dispor do Concello de Carballo.
- 3.- Só se poderán retirar do punto limpo bens rexistrados para a súa reutilización, quedando limitada a retirada a un máximo dun armario ou útil do fogar por semana; agás autorización expresa do Concello de Carballo.



- 4.- Os bens entregados no punto limpo pasan a ser de titularidade municipal, tanto se se destinan a reutilización como se se xestionan como residuos. Os bens entregados a usuarios para a súa reutilización pasan a ser de titularidade do usuario no momento en que son retirados por este do punto limpo.

## **Artigo 25.- Pequenos puntos limpos en proximidade**

- 1.- Os puntos limpos en proximidade aos que se refire o presente artigo son dispositivos de recollida selectiva de residuos de pequeno tamaño que serven de apoio ao punto limpo fixo municipal.
- 2.- No momento da aprobación da presente ordenanza, o Concello de Carballo conta con tres destes mini puntos limpos ou puntos limpos en proximidade nos que se admite o depósito dos seguintes residuos: residuos de pilas de diferentes tipos, teléfonos móbiles e baterías, CD´s e DVD´s, cartuchos de impresoras de inxección, lámpadas de baixo consumo e pequenos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- 3.- Segundo o xa indicado para os residuos recollidos no punto limpo fixo, os residuos depositados nestes pequenos puntos limpos de proximidade son propiedade do Concello de Carballo e será este, de forma directa ou a través de terceiros, quen xestione o seu tratamento final en xestor autorizado.

## **CAPÍTULO IV.- ASPECTOS ESPECÍFICOS RELATIVOS AO SERVIZO DE RECOLLIDAS EXTRAORDINARIAS**

### **Artigo 26.- Recollida de residuos baixo demanda ou punto limpo móbil**

- 1.- O Concello de Carballo admite a entrega para recollida baixo demanda dos seguintes residuos: residuos voluminosos (residuos de mobles e enseres), residuos de poda, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, pequenos residuos domésticos perigosos e metais e chatarra.
- 2.- Nesta modalidade de recollida, a retirada do residuo realizarase previa solicitude da persoa produtora do residuo.
- 3.- O funcionamento específico desta recollida será o determinado polo Concello de Carballo e os detalles operativos, especialmente os relativos a horarios de recollida e vías de solicitude de retirada de residuos, poderán ser consultados polas persoas usuarias do servizo de xestión de residuos municipais a través das vías de información municipal habituais.

- 4.- En todo caso, unicamente se admitirá a xestión a través deste servizo de residuos domésticos e asimilables xerados dentro do termo municipal de Carballo. En ningún caso serán admitidos residuos xerados por actividades profesionais.

## **Artigo 27.- Xeración e recollida de residuos en eventos públicos**

- 1.- As persoas ou entidades responsables da organización de eventos públicos, sexan estes deportivos, culturais, relixiosos ou de calquera outro tipo, deberá formalizar ante o Concello de Carballo a solicitude dos medios de recollida necesarios para garantir a recollida separada dos residuos xerados, de acordo co esquema de segregación implantado no Concello en cada momento.
- 2.- As citadas persoas quedan obrigadas a velar polo axeitado uso dos medios de recollida cedidos garantindo que estes sexan devoltos ao Concello, trala finalización do evento, en condicións de limpeza e usabilidade equivalente ás que presentaban no momento da entrega.
- 3.- Igualmente, estas persoas deberán velar porque non se produzan vertidos de residuos durante a celebración do evento así como tampouco durante os labores de montaxe e desmontaxe das infraestruturas asociadas a aquel.
- 4.- En aplicación do establecido na Lei 6/2021, na organización de eventos públicos de carácter puntual que, a xuízo do Concello de Carballo, impliquen a concentración dun elevado número de persoas, resultará obrigatorio elaborar un plan para a prevención e adecuada xestión dos residuos que se xeren durante a celebración do evento.
- 5.- O contido deste plan responderá ao contido mínimo esixido no artigo 41 da Lei 6/2021.
- 6.- O Concello de Carballo prevé a posibilidade de que a presentación do devandito plan poida ser esixida para as comunicacións ou outorgamento das licenzas e permisos ou outros instrumentos de intervención administrativa municipal que, de conformidade coa normativa aplicable, resulten exixibles para a celebración do evento.

## **Artigo 28.- Xestión de animais domésticos mortos**

- 1.- A efectos desta Ordenanza será de aplicación a definición de animal doméstico recollida na Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais e a Lei 8/2003, de 24 de abril, de sanidade animal. Así, entenderase por animal doméstico aquel animal de compañía, pertencente a unha especie que críe e posúa habitualmente o ser humano, co fin de vivir no eido doméstico do fogar, así como co fin de acompañamento, condución e axuda a persoas cegas ou con deficiencia visual grave ou severa.

- 2.- De forma xeral, o Concello de Carballo prohíbe expresamente, baixo posibilidade de sanción, o abandono de animais domésticos mortos na vía pública, solares e/ou calquera terreo de carácter público ou privado.
- 3.- As persoas posuidoras do cadáver dun animal doméstico no Concello de Carballo poderán:
  - a) Entregar o cadáver a un xestor autorizado ou a un transportista autorizado que garanta a entrega a xestor final autorizado.
  - b) Entregar o cadáver na canceira municipal do Concello de Carballo. Neste caso, a persoa propietaria deberá facerse cargo dos custos da xestión da eliminación, consonte se estableza na correspondente ordenanza fiscal.
- 4.- O Concello de Carballo ofrecerá tamén, dentro do seu termo municipal, o servizo de recollida baixo demanda e traslado á canceira municipal do cadáver do animal doméstico, previa solicitude da persoa propietaria.
- 5.- Para os cadáveres dos animais recollidos polo Concello na vía pública e non reclamados, o Concello habilitará a súa xestión a través da canceira municipal. No caso de que o cadáver do animal dispoña de chip, o Concello poderá imputar os custes de recollida e eliminación á persoa que figure como propietaria do animal.
- 6.- En ningún caso se admitirá a xestión a través deste servizo municipal daqueles cadáveres de animais para os que exista normativa específica para a súa xestión ou cando, polas súas características, grao de descomposición, epizootia, tamaño ou outras particularidades non sexa posible a súa xestión municipal. Sobre o anterior, exclúense expresamente os cadáveres ou restos de animais mortos de explotación gandeira, que deberán ser xestionados conforme á normativa autonómica sectorial correspondente.
- 7.- O Concello de Carballo prevé a posibilidade de prestar o servizo de recollida de animais domésticos mortos ben con medios propios, ben a través de empresas colaboradoras.

## **Artigo 29.- Retirada de vehículos abandonados**

- 1.- No relativo aos vehículos abandonados, de forma xeral, en cumprimento da lexislación sectorial de aplicación, unha vez un vehículo chega ao final da súa vida útil, o seu propietario queda obrigado a entregalo a un centro autorizado para o tratamento dos vehículos ao final da súa vida útil (CAT) ou instalación de recepción.

- 2.- A efectos do establecido nesta Ordenanza presumirase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo doméstico, de acordo coa Lei 7/2022 e o Real Decreto 265/2021, nos seguintes casos:
- a) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou careza de placas de matriculación ou estas sexan ilexibles.
  - b) Cando se atope en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.
  - c) Cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo foi depositado no depósito municipal despois da súa retirada da vía pública pola autoridade competente.
- 3.- As persoas propietarias de vehículos abandonados que, conforme ao indicado no punto anterior, adquiren a condición de residuo doméstico, deberán sufragar os custos derivados das actividades de limpeza da vía pública do lugar no que permanecía estacionado e da recollida e traslado ao depósito municipal, con independencia das sancións que se apliquen e consonte se estableza na correspondente ordenanza fiscal.

## **CAPÍTULO V.- PAGO POR XERACIÓN**

### **Artigo 30.- Previsión da implantación do pago por xeración**

- 1.- O Concello de Carballo prevé a posibilidade de implantar un sistema de pago por xeración de residuos, en aplicación do disposto no artigo 11.3 da Lei 7/2022, co fin de incentivar a aplicación da xerarquía de residuos á que se refire o artigo 8 da citada lei.
- 2.- A aplicación de sistemas de pago por xeración implica a imposición de taxas aos produtores de residuos de competencia local, cun importe que variará en función da cantidade real de residuos xerados. Estes sistemas proporcionan incentivos para a correcta separación en orixe dos residuos reciclables e para a redución dos residuos mesturados.
- 3.- A aplicación efectiva do pago por xeración debe ir acompañada da posta en marcha dun sistema de contabilización dos residuos por usuario. A posta en marcha deste sistema leva aparelada unha significativa complexidade tecnolóxica e administrativa, requirindo dunha avanzada infraestrutura técnica e administrativa.
- 4.- Con relación ao pago por xeración, o Concello de Carballo comprométese a explorar de forma continua as diferentes tecnoloxías e alternativas dispoñibles para a súa implantación, tales como, os contedores intelixentes con identificación de usuario, avaliando a súa viabilidade técnica, económica e administrativa.

- 5.- Neste sentido, prevese a posibilidade de que o Concello de Carballo desenvolva experiencias piloto ou que inicie a implantación do sistema de pago por xeración en áreas concretas do municipio. Esta forma de actuar permitirá aproximar os resultados que se conseguirán, antes da implantación xeralizada do sistema no municipio.
- 6.- No caso de materializarse a implantación de tal pago por xeración, prevese a posibilidade de modificar a presente ordenanza co fin de recoller as cuestións específicas relativas á súa operativa.

## **TITULO IV. VIXILANCIA, INSPECCIÓN, CONTROL E POTESTADE SANCIONADORA**

### **CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS SOBRE O PROCEDIMENTO SANCIONADOR**

#### **Artigo 31.- Potestades de control: comprobación e inspección. Denuncia das infraccións**

- 1.- O Concello de Carballo, a través dos servizos municipais con competencias de inspección e dos axentes da Policía Municipal, denunciará cantas infraccións se produzan en relación coas normas da presente Ordenanza, poñendo en coñecemento dos órganos competentes da entidade local, da Comunidade Autónoma ou da administración do Estado os feitos que supoñan infraccións sobre as que teñan atribuída a competencia.
- 2.- Igualmente poderá denunciar as infraccións o persoal da/s empresa/s concesionaria/s, nos supostos de xestión directa de cadanseu servizo.
- 3.- Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente Ordenanza.
- 4.- Os cidadáns, cidadás e usuarios do servizo están obrigados a prestar toda a colaboración ás inspeccións a quen se refire este artigo, co fin de permitir a realización de todo tipo de exames, controis, enquisas, toma de mostras e recollida de información necesaria para o cumprimento da súa misión.
- 5.- Cando, a xuízo da administración, a infracción puidera ser constitutiva de delito ou falta, o órgano administrativo daralle traslado inmediato ao Ministerio Fiscal, e absterase de continuar o procedemento sancionador en tanto a autoridade xudicial non se teña pronunciado. A sanción penal excluírá a imposición de sanción administrativa.

## **Artigo 32.- Responsabilidade**

- 1.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas na presente Ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais dos que se sexa propietario.
- 2.- Tratándose de persoas xurídicas, comunidades de bens, comunidades de veciños ou calquera outro tipo de asociación, teña ou non personalidade xurídica, a responsabilidade será atribuída a estas ou á persoa que legalmente as represente e, para este efecto, as denuncias formularanse contra esta ou, no seu caso, contra a persoa que ostente a súa presentación.
- 3.- Cando non sexa posible determinar o grao de participación das persoas, físicas ou xurídicas, que interviñeran na realización da infracción, a responsabilidade será solidaria, sen prexuízo das accións contra dos demais participantes por aqueles que fixesen fronte á responsabilidade común.

## **Artigo 33.- Deber de colaboración**

- 1.- As persoas que produzan, posuían ou xestionen residuos e as responsables de establecementos comerciais, vivendas, industrias e outras actividades obxecto da presente Ordenanza deberán colaborar co persoal que exerza as funcións de inspección, de acordo coa normativa vixente.

## **Artigo 34.- Medidas complementarias**

- 1.- Por razóns de urxencia e cando concorran circunstancias que afecten á salubridade ou á orde pública na súa vertente de hixiene urbana, poderase proceder á cláusula cautelar ou suspensión da actividade que infrinxa o disposto nesta Ordenanza por acordo motivado, incluíndose dentro destes conceptos a inmovilización dos vehículos, a retirada de contedores ou o precinto dos aparatos ou instalacións que provoquen dita afección.

## **Artigo 35.- Execución subsidiaria**

- 1.- Sen prexuízo da potestade sancionadora establecida neste Título, no caso de incumprimento polos obrigados dos deberes que lles impón a presente Ordenanza, tras requirimento para o efecto, poderase efectuar a execución subsidiaria polo Concello, por conta dos responsables e á marxe das indemnizacións ás que houberse lugar.
- 2.- Non será necesario requirimento previo, e poderá procederse de modo inmediato á execución cando da persistencia da situación puidera derivarse un perigo inminente para a saúde humana, os recursos naturais ou o medio ambiente.

## **Artigo 36.- Obriga de reposición**

- 1.- As persoas que comentan infracción estarán obrigadas á reposición ou restauración dos danos producidos que poderá comprender, entre outros, a retirada de residuos, ou a súa xestión, a limpeza da zona afectada, e, en xeral, a execución de cantos traballos sexan precisos para repoñer a situación ao estado previo á comisión da infracción, na forma e condicións fixadas polo órgano que impulsou a sanción .
- 2.- A persoa responsable das infraccións deberá indemnizar os danos e perdas causadas, sen revestir esta indemnización carácter sancionador e sendo, pois, compatible coa sanción.

## **CAPÍTULO II.- RÉXIME SANCIONADOR**

### **Artigo 37.- Infraccións**

- 1.- As infraccións que se cometan contra o disposto nesta Ordenanza e a normativa ou actuacións derivadas dela clasifícanse en leves, graves e moi graves.
- 2.- De forma xeral, para as infraccións relacionadas coa xestión dos residuos de competencia municipal e a entrega dos residuos incumprindo as disposicións desta ordenanza, estarase ao disposto na Lei 7/2022.
- 3.- Sen prexuízo do anterior, aos efectos desta ordenanza terán a consideración de infracción leve:
  - a) A entrega de residuos domésticos e comerciais non perigosos contravindo o establecido na presente ordenanza con relación aos horarios de depósito e ás obrigas de información ao Concello por parte das actividades comerciais que opten pola vía de xestión externa dos seus residuos.
  - b) O depósito de residuos fóra dos contedores ou dos puntos de recollida habilitados ao efecto polo Concello de Carballo.
  - c) Manipular contedores ou o seu contido así como envorcar ou arrincar papeleiras ou outro tipo de contedores ou desprazalos fóra dos seus emprazamentos orixinais.
  - d) O incumprimento, activo ou pasivo, dos preceptos desta Ordenanza que non constitúan falta grave o moi grave.
- 4.- Pola súa banda, aos efectos desta Ordenanza, terán a consideración de infracción grave as seguintes:
  - a) O deterioro dos medios ou puntos de recollida de residuos con pintura ou outros produtos que non comprometan a viabilidade do uso de tales medios para o fin para o que foron concibidos.

- b) O depósito nos medios de recollida convencionais de residuos industriais non asimilables a domésticos ou de residuos que, polas súas características, deban ser entregados no punto limpo ou entregados ao servizo de recollida baixo demanda.
- c) A reincidencia en faltas leves.
- d) O incumprimento, activo ou pasivo, das prescricións desta Ordenanza cando pola súa entidade comporte unha afección grave á saúde das persoas ou provoque dano ou deterioro grave do medio.

5.- Pola súa banda, aos efectos desta Ordenanza, terán a consideración de infracción moi grave as seguintes:

- a) O roubo ou deterioro dos medios ou puntos de recollida de residuos de forma que quede comprometida a viabilidade do uso de tales medios para o fin para o que foron concibidos.
- b) A reincidencia en faltas graves.
- c) O incumprimento, activo ou pasivo, das prescricións desta Ordenanza cando pola súa entidade comporte unha afección grave á saúde das persoas ou provoque dano ou deterioro moi grave do medio.

6.- A efectos da presente ordenanza, enténdese por reincidencia na comisión de infraccións a comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme.

### **Artigo 38.- Sancións**

- 1.- Con carácter xeral, para as infraccións relacionadas coa xestión dos residuos de competencia municipal e a entrega dos residuos incumprindo as disposicións desta Ordenanza, atenderase ao disposto na Lei 7/2022.
- 2.- Naqueles supostos non cubertos pola Lei 7/2022, atenderase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### **Artigo 39.- Reparación de danos**

- 1.- A imposición das sancións que correspondan por incumprimento de esta Ordenanza, non exime á persoa infractora ou aos seus representantes legais da obriga de reparar os danos e prexuízos causados.



- 2.- As infraccións e sancións recollidas nesta Ordenanza enténdense sen prexuízo no seu caso, das posibles responsabilidades penais por danos a bens de dominio público ou por crear situacións de perigo grave para o tráfico ou as persoas, no seu caso.
- 3.- O Concello de Carballo prevé a posibilidade de que a reparación do dano poida ser realizada mediante execución subsidiaria polo propio Concello, no caso no que a persoa que cometa a infracción non repare o dano causado no prazo habilitado ao efecto ou ben no caso de que a reposición deba realizarse de forma inmediata, derivada da necesidade de realizar as actividades previstas na presente Ordenanza. Nestes supostos, o suxeito responsable da infracción deberá facerse cargo dos custes xerados polas actuacións desenvoltas polo Concello de Carballo para a reparación do cano. Ademais, podería esixírselle unha posible indemnización polos danos e prexuízos causados.

## **CAPÍTULO III.-PROCEDIMENTO SANCIONADOR**

### **Artigo 40.- Normativa aplicable ao procedemento**

- 1.- O procedemento sancionador iníciase sempre de oficio, por providencia da Alcaldía ou da persoa ou órgano en quen delegue, ben por iniciativa propia ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou por denuncia, e axustarase ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Artigo 41.- Competencias sancionadoras**

- 1.- É órgano competente para a imposición das sancións a persoa que ostente o cargo de Alcalde/sa-Presidente/a da Corporación, ou concelleiro/a ou órgano en quen delegue, salvo que resulte de aplicación normativa sectorial específica que reserve, pola cualificación da infracción, a devandita competencia a outro órgano da Comunidade Autónoma. Así, en materia de residuos municipais deberase estar ao previsto na lei de residuos estatal e autonómica.

### **Artigo 42.- Procedemento**

- 1.- A imposición de sancións e a existencia de responsabilidades con relación ao disposto nesta esta Ordenanza executarase de conformidade co previsto na Lei 39/2015 e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa que lle sexa de aplicación.

### **Artigo 43.- Gradación da contía das sancións**

- 1.- Para determinar a concreta contía das sancións, nos casos en que esta deba ser graduada por non estar determinada especificamente nos artigos anteriores, atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como:
  - a) Grao de intencionalidade, non concorrendo cando non exista culpa grave ou dolo.
  - b) Natureza da infracción.
  - c) Capacidade económica do responsable.
  - d) O beneficio obtido coa conduta.
  - e) O recurso afectado.
  - f) A reincidencia.
  - g) A gravidade do dano producido, e, especialmente, a súa irreversibilidade.
  - h) A natureza da infracción.
  - i) Os factores atenuantes ou agravantes.

### **Artigo 44.- Execución forzosa das sancións**

- 1.- Tanto o importe das multas pecuniarias coma o das responsabilidades administrativas poderán ser esixidos pola vía administrativa de constrinximento.
- 2.- No caso de se acordar a suspensión da multa ou as responsabilidades, a persoa interesada estará obrigada a garantir o seu importe para que sexa efectiva a suspensión.
- 3.- Os órganos sancionadores poderán impoñer multas coercitivas cando transcorran os prazos sinalados no requirimento correspondente segundo o disposto na normativa de procedemento sancionador, sen que a contía de cada unha delas poida superar o 20 % da multa fixada para a infracción cometida.

## **Artigo 45.- Prescrición das infraccións**

- 1.- En aplicación do establecido na Lei 7/2022, a prescrición das infraccións producirase nos prazos que se indican de seguido, por categoría de infracción:
  - a) Infraccións leves: prescribirán ao ano.
  - b) Infraccións graves: cando se trate de infraccións tipificadas na Lei 7/2022, prescribirán aos tres anos. No resto de casos, as infraccións graves prescribirán aos dous anos.
  - c) Infraccións moi graves: cando se trate de infraccións tipificadas na Lei 7/2022, prescribirán aos cinco anos. No resto de casos, as infraccións graves prescribirán aos tres anos.
  
- 2.- O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día no que foi cometida a infracción.

## **DISPOSICION DEROGATORIA ÚNICA**

- 1.- A presente Ordenanza derroga a Ordenanza municipal reguladora da limpeza, salubridade e hixiene no termo municipal de Carballo, naqueles aspectos que proceda.

## **DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA**

- 1.- Esta Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P.) segundo o establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local.